

**Programación de Repentización,
Transporte e Acompañamento**



**Conservatorio Profesional
de Música de Lalín**

Índice

1. Introducción.....	4
1.1. Marco Legal.....	4
1.2. Características do centro	5
1.3. Características do alumnado	6
2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	8
2.1. Grao Profesional.....	8
3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	9
4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de	
Repentización, Transporte e Acompañamento.....	10
4.1. Grao profesional da materia de Repentización, Transporte e Acompañamento	10
4.2. Obxectivos específicos	10
5. Metodoloxía	11
5.1. Principios metodolóxicos	11
5.2. Métodos didácticos	12
6. Atención á diversidade	13
7. Temas transversais	14
7.1. Educación en valores	14
7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	15
8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	16
9. Secuenciación por cursos	17
9.1. Curso 4º de grao profesional	17
9.1.1. Obxectivos	17
9.1.2. Contidos	17
9.1.3. Avaliación	18
9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	20
9.1.5. Medidas de recuperación.....	20



9.1.6.	Recursos didácticos	21
9.2.	Curso: 5º de grao profesional	21
9.2.1.	Obxectivos	21
9.2.2.	Contidos	22
9.2.3.	Avaliación	23
9.2.4.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	25
9.2.5.	Medidas de recuperación	25
9.2.6.	Recursos didácticos	25
9.3.	Curso: 6º de grao profesional	26
9.3.1.	Obxectivos	26
9.3.2.	Contidos	27
9.3.3.	Avaliación	28
9.3.4.	Medidas de recuperación	30
9.3.5.	Recursos didácticos	31

10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

32

11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento33

1. Introdución

A presente Programación Didáctica de Repentización, Transporte e Acompañamento está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos tres cursos do grao elemental do grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Tecla de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantindo que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1. Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tiveronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2. Características do centro

O CMUS Profesional de Lalín é un Conservatorio de Música Municipal encadrado dentro dun Patronato Cultural. O Conservatorio atópase nun edificio situado ao noreste da vila de Lalín, na zona escolar denominada rúa da Banda de Música de

Lalín.

A rúa do Conservatorio é unha rúa morta, sen saída, que dá acceso ao IES Ramón M^a Aller Ulloa e ao Parque do Pontiñas.

O edificio que alberga ao CMUS Profesional de Lalín é o Auditorio Municipal de Lalín. Este edificio divídese en dúas zonas de aulas diferenciadas divididas pola Sala “Tuno Valdés”. O Centro conta con dúas zonas de aulas, dous auditorios, biblioteca, zona de oficinas, cabinas de estudo, etc. O edificio está compartido con outras asociacións e diversas actividades culturais

Lalín está situado na Comarca do Deza, corazón de Galicia, nunha zoa de ampla influencia musical, rodeado por Concellos con numerosas bandas de música.

O horario do CMUS é de tarde, durante o curso escolar é dende as 15:30 ata as 22:00 horas.

1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 175 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos alumnos do grao elemental pertencen ao concello de Lalín, agás algúns que veñen para cursar especialidades como piano. No Grao Profesional atopámonos con alumnos de Concellos próximos como Silleda, Agolada, Chantada, etc.

Un feito que condiciona a permanencia no CMUS dos alumnos é o momento que acoden á Universidade, provocando o maior número de baixas entre o alumnado, posto que se teñen que desprazar a vivir lonxe.

Hai que destacar a importancia das bandas de música na nosa zoa de influencia, feito que condiciona a elección do instrumento e o interese polo estudo do mesmo.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o

alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanza artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no

coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Repentización, Transporte e Acompañamento

4.1. Grao profesional da materia de Repentización, Transporte e Acompañamento

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

4.2. Obxectivos específicos

- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento
- Amosar o reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras analizando e recoñecendo a súa estrutura harmónica, seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento dunha melodía a partires ou non dun baixo cifrado.

5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza da Repentización, do Transporte e do Acompañamento, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos polo Departamento.

Para dar resposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

5.1. Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de Repentización, Transporte e Acompañamento require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.

- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

5.2. Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, dende a clase de Repentización, Transporte e Acompañamento teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoitade música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á

hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Na materia de Repentización, Transporte e Acompañamento o alumnado poderá apoiarse no uso das TIC's tanto para o traballo na casa como nas clases. Poderemos realizar tarefas que precisen o emprego das TIC's como poden ser:

- Edición de partituras con editores com Finale, Sibelius, Musescors, etc.
- Achega, escoita e visualización de videos, música, cancións para acompañar, improvisar, etc.
- Gravación das súas propias creacións.
- Interpretación de temas acompañando videos, etc.
- Para o seguemento da actividade de aula, así como das incidencias, traballos realizados, materia explicada, etc.. o profesor/a emprega a ferramenta iDoceo, unha aplicación que permite desenvolver toda esta actividade de xeito efectivo, realizando informes personalizados de cada alumno, rexistrando as cualificacións de cada un deles segundo a presente programación, xerando as calificacións de cada avaliación en base aos resultados obtidos, etc.

8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro ou colaborando con outras entidades alleas e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos, concertos fora do centro, etc. Os alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de todos os actos previstos.

9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Repentización, Transporte e Acompañamento dos graos elemental e profesional por cursos.

9.1. Curso 4º de grao profesional

9.1.1. Obxectivos

- Recoñecer os elementos que constitúen unha partitura ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha breve lectura sen instrumento.
- Realizar lectura á vista con instrumento.
- Practicar no instrumento os procedementos básicos do sistematonal.
- Improvisar unidades formais sobre esquemas harmónicos dados.
- Realizar acompañamentos a melodías dadas.
- Coñecer a técnica do transporte.
- Realizar baixos cifrados en notación tradicional
- Desenvolver o oído, especialmente o harmónico

9.1.2. Contidos

I. Improvisación:

- Emprego dos graos I, IV, V e V7 coas súas inversións nos modos maior e menor
- Improvisación sobre unha estrutura harmónica dada cunha extensión de oito compases.
- Improvisación de acompañamentos a melodías dadas.

II. Repentización:

- Exercicios de recoñecemento dos elementos constituíntes de partituras sinxelas ou fragmentos das mesmas.
- Lectura á vista e a súa aplicación práctica.
- Introducción á lectura harmónica.
- Repentización con carácter de acompañante ou non.
- Utilización das diferentes claves instrumentais e vocais.

III. Transposición:

- Técnica e macánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferencias, etc., e a súa aplicación na práctica.
- O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Transposición de estruturas harmónicas breves.
- Os instrumentos transpositores.

IV. Baixo cifrado:

- Aproximación ao cifrado harmónico.
- Realización no piano de fórmulas harmónicas a catro partes, utilizando os enlaces de voces tradicionais, somentes con acordes tríadas en estado fundamental e as súas inversións.
- Exercicios de recoñecemento dos acordes tonais en estado fundamental e as súas inversións.

9.1.3. **Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística; a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica; e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

9.1.3.1. **Criterios de avaliación**

- Repentizar partituras para teclado realizando previamente un análise melódica, harmónica e rítmica: mediante este criterio poderase valorar os coñecementos analíticos do alumnado no aspecto harmónico, melódico e rítmico.
- Realizar de xeito elemental, estruturas de catro a oito compases, cos acordes tonais en estado fundamental e as súas inversións: mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade de resposta do alumnado na

práctica dos diferentes graos en distintos tonos.

- Realizar en distintos tonos e compases, e con diversos plantexamentos rítmicos, estruturas harmónicas de catro a oitocompases: mediante este criterio valorarase a capacidade do alumnado para desenvolverse a través das diferentes realizacións rítmicas.
- Realizar as citadas estruturas mediante plantexamentos melódicos, tendo coma punto de partida un motivo e adaptándoo sucesivamente ata completar a frase: mediante este criterio valorarase a capacidade creativa do alumnado.
- Realizar transposicións como acompañante, de obras para dúo: con este criterio valórase o grao de adquisición do alumnado, no dominio das tonalidades, claves, etc., dentro dunha regularidade no tempo.
